

*EU POR VASSALO E VÓS POR SENHOR, ¿DE NÓS QUAL SOFRE MAIS COITA D'AMOR?*

Aquestas coitas que de sofrer hei,  
meu amigo, muitas e graves son;  
e vós mui grave, ha i gran sazon,  
coitas sofrede, e por en non sei  
*d' eu por vassalo e vós por senhor,  
de nós qual sofre mais coita d'amor.*

Coitas sofremos, e assi nos aven:  
eu por vós amigu' e vós por mi!  
e sabe deus de nós que est' assi,  
e destas coitas non sei eu mui' én,  
*d' eu por vassalo e vós por senhor,  
de nós qual sofre mais coita d'amor.*

Guisado teen de nunca perder  
coita meus olhos e meu coraçon,  
e estas coitas, senhor, minhas son,  
e deste feito non poss' entender,  
*d' eu por vassalo e vós por senhor,  
de nós qual sofre mais coita d'amor.*

«Aquestas coitas que de sofrer hei», Rodrigo  
Eanes de Vasconcelos (s. XIII)

Como todas as mañás, o señor de Andrade tomou o seu cabalo e saíu percorrer os soutos que rodeaban a súa vila. Era este un costume que adquirira do seu pai anos atrás, e que non abandonara nin un só día trala súa morte –acontecida cando el era aínda moi novo–, se cadra como forma de homenaxear a súa memoria. O deceso do seu proxenitor obrigara a Nuno Fernández de Andrade a asumir as súas responsabilidades antes do previsto, o que non impedira que, en pouco tempo, se manexase con soltura no seu cargo de señor da vila: os seus criados respetábano, casara coa filla dun importante membro da nobreza castelá e era un habitual nas festas do rei Enrique II de Trastámara, que mostraba por el unha especial simpatía: non había evento ao que non o invitase, nin xustas ás que faltase. Mais o que de verdade entusiasmaba ao controvertido rei castelán era escoitar a Nuno falar da súa vila de Betanzos; este, ávido de satisfacer os desexos do monarca, non perdía ocasión de falarlle largamente da súa terra, das súas estreitas rúas, das súas prazas, das fermosas igrexas góticas de San Francisco e Santa María de Azougue –das que el mesmo fora o promotor–, ou dos frondosos soutos e carballeiras que a circundaban. Calquera detalle servía para contentar ao soberán, que amosaba unha indescribable fascinación por estas terras.

Trala galopada, pouco antes do mediodía, Nuno Fernández de Andrade retornou ao seu castelo e pediu que lle servisen un refrixerio no xardín. Era un agradable día do mes de xullo e o longo paseo a cabalo deixáralo esgotado. Aos poucos minutos, foille anunciada a chegada dun bo amigo, ao que fixo pasar. Tratábase de Zayde, un criado musulmán de ascendencia granadina que traballaba ao servizo do rei de Castela.

— Colle asento, meu vello amigo –dixo entusiasmado o señor de Andrade–. Mandarei que preparen un bo xantar para honrar a tu presenza na miña vila.

Zayde atopábase visiblemente nervioso e suspiraba. Nin tan sequera era capaz de mirar ao seu amigo aos ollos; tampouco parecía escoitar os seus ofrecementos. Finalmente comezou a laiarse e bagoar dicindo:

— *Señor, mi rey, no acordándose de los muchos servicios que le he prestado, me ha expulsado de su corte. Estoy solo, soy un extranjero aquí, en este reino ya no tengo ni parientes ni amigos y no guardo esperanza alguna de volver a mi tierra. Por eso soy aquí venido, pues de sobra conozco vuestra gran liberalidad y virtud. Os suplico me recibáis en vuestro servicio de nuevo* —concluiu exhalando un suspiro.

A amizade entrámbolos remontábase a moitos anos atrás. Antes de entrar ao servizo do rei Enrique II, Zayde pasara a súa infancia e xuventude no castelo dos Andrade, pois os seus pais eran persoal de confianza do defunto señor de Andrade e pai de Nuno. Dende o primeiro momento, Zayde e o mozo Nuno, dunha idade semellante, simpatizaran e compartiran aficións e xogos infantís, entre os que se atopaba o do xadrez. Zayde dominábao á perfección e aprendera a Nuno as estratexias mestras da sabiduría árabe.

Pronto os xogos infantís tornáronse en longas horas de conversas e confidencias, paseos polo bosque e solpores xuntos nas terras do Mandeo. Nuno notaba como algo estaba cambiando, non experimentara nada semellante na súa corta vida: pensar en Zayde estremecía, dáballe ganas de vivir e facíalle sentirse forte para afrontar calquera adversidade. Zayde tampouco reprimía os seus sentimentos cara o seu amigo da infancia, aínda sabendo como sabía que o seu papel, coma o dos seus pais, non era máis que o de ser o vasalo de Nuno, o futuro señor de Andrade. Un día, nun dos seus longos paseos, os dous amigos camiñaban xuntos pola exuberante fraga da Espenuca. Ambos falaban animadamente cando, de súpeto, nun claro do bosque, viron unha fermosa parella de cervos bebendo auga dunha pequena fonte que abrollaba dunha roca. Os mozos pararon un intre para contemplar a escena.

— Lémbreste daquelas cantigas dos cervos, as daquel trovador de Santiago que veu as bodas da miña irmá? —dixo Nuno.

— *Pero Meogo?* —respondeulle Zayde dubitativo.

— “Digades, filha, mha filha velida, / por que tardastes na fontana fria”, era algo así, non? —prosegiu Nuno visiblemente emocionado.

— *Sí, la madre preguntaba a la hija por su tardanza en volver de la fuente y ella le ponía excusas para ocultar su encuentro con el enamorado...* “Tardey, mha madre, na fontana fria; / cervos do monte a augua volvian” —Zayde comezou a poñerse nervioso polo cariz que tomaba a conversa.

— E lémbreste do que dicía o retrouso da cantiga? —Nuno xa non quería dar volta atrás e facía avanzar a conversa sen temores.

— “Os amores ey”... —Zayde tremía de emoción mentres Nuno se aproximaba a el con dozura— *Nuno... estás seguro de...* —Nuno non deixou rematar de falar a Zayde e bicáronse con arroubo. Pouco a pouco fóronse deitando no chan do bosque e amáronse longamente na inmensidade da fraga ata a alba do día. Cando espertaron, a parella de cervos pasou dando choutos.

Os encontros entre os mozos sucedéronse ao longo dos meses, estreitando cada vez máis a súa relación e coa promesa de que nada cambiaría entre eles:

— Ámote Zayde. Viviremos o noso amor pase o que pase —aseguráballe Nuno a miúdo.

Zayde intuía que iso xamais ocorrería. E non se equivocaba. Un día chegou a mala nova ao castelo dos Andrade: o pai de Nuno morrera loitando contra os musulmáns. Nuno tiña daquela dezaioito anos e amosaba un fondo apego polo seu proxenitor. A súa morte

sumiuno nun estado de perpetua melancolía. Apenas falaba nin comía, e as súas relacións sociais limitábanse ao seu círculo familiar máis íntimo. Tamén o seu amor por Zayde se consumiu, e evitábo sempre que se cruzaba con el. Zayde non insistiu. Agardou uns meses a que os ánimos se temperasen na casa de Andrade e pediu á viúva unha recomendación para traballar na corte do rei castelán. Unha fría mañá de outono marchou para Castela.

Pasaran xa catorce anos dese infausto día, tempo no que Nuno se convertera no novo señor de Andrade por dereito propio. A situación que agora lle plantexaba o seu vello amigo Zayde impactou ao nobre betanceiro.

— O meu bo amigo, o teu relato estreméceme e asómbrame ao tempo. Como o noso bo rei, no que todos atopamos humanidade, pode ter empregado contigo tanta dureza? Non acho explicación –dixo o de Andrade contrariado–, pero creo que debes xantar ben e descansar –recomendou a Zayde–. Mandarei que che acomoden no mellor cuarto e que che preparen un bo xantar. Eu non teño apetito. Retirareime a descansar e considerar as palabras do noso rei. Despois falaremos máis longamente.

Como nobre, Nuno Fernández sentía unha grande estima polo rei Enrique II, e mesmo se posicionara abertamente do seu lado no enfrontamento co seu medio irmán Pedro I de Castela, o que lle servira ao de Andrade para acadar a posición dun gran señor en Galicia. Pero tampouco podía esquecer a súa infancia e xuventude ao lado de Zayde, os sentimentos e experiencias vividas con él, o seu amor... E o inxusto final que este tivera e que rematou co abandono de Zayde...

O señor de Andrade subiu á fortaleza e Zayde foi instalado, coma se de un nobre se tratase, nunha ampla e luxosa estancia próxima ás de Nuno e a súa familia. Os criados, algo molestos co trato preferente que debían outorgar a aquel ao que consideraban o seu igual, servíronlle de mala gana un farturento xantar, que o musulmán rexeitou sen deixar de suspirar e lagrimexar con gran afectación. Os serventes, cansos dos seus laídos, insistíronlle en que probase algún daqueles manxares que con tanta xenerosidade o señor lle outorgara. De súpeto, Zayde ergueuse da mesa coma un tolo e gritou:

— *¡Conviene que se haga lo que se ha de hacer!* –e, ante a atónita mirada dos criados, saíu do comedor e buscou a porta que levaba ao exterior.

Nese intre, o señor de Andrade atopábase no xardín practicando tiro co seu irmán menor don Rui Fernández de Andrade e varios dos seus homes. A conversa con Zayde causáralle unha gran contrariedade, da que tentaba sobrepoñerse co exercicio. Nuno era un home discreto, e non quixera amolar a Zayde con máis preguntas; pero comezaba a impacientarse por ver ao seu bo amigo e falar con el máis fondamente deste e outros asuntos. A que se debía a actitude despiadada do rei con el? É que Zayde o agraviara? Debía interferir por el? A súa mente non deixaba de conxectar.

De socate, o granadino irrompeu violentamente no xardín, cos ollos inxectados en sangue e balbucindo palabras incongruentes que amosaban a súa carraxe interior. Sacou o seu coitelo e dirixiuno ladeándoo cara o seu vello amor, o señor de Andrade, que asistía perplexo ao grotesco espectáculo.

— *¡Por el rey nuestro señor!* –gritou Zayde mentres asestaba o golpe.

Nuno parpadeou un segundo, seguro de ter recibido o ataque certo do seu compañeiro de xuventude, pero cando abriu os ollos viu o corpo sen vida dun dos seus criados e a súa cabeza rodando polo chan. O servente, un avezado mozo que levaba pouco tempo na súa casa, interpuxérase na traxectoria do coitelo, salvando ao seu señor dunha

morte segura. Nada importou a Zayde este contratempo, pois volveu empuñar a súa arma mentres se maldicía da súa sorte. Nese intre, o menor dos irmáns Andrade tomou un pau e dirixiu un gran golpe na cabeza a Zayde, que caeu esmorecido emitindo un xemido agonizante.

Correu unha brisa morna e fíxose o silencio. Todo ocorrira en cuestión duns poucos segundos e tanto criados como señores atopábanse perplexos perante o que presenciaran. Foi Rui, o irmán menor, o que finalmente tomou a iniciativa e ordenou aos mozos:

— Recolde os cadáveres, enviade o corpo do noso servidor á familia para que lle dean cristiá sepultura e botade o do mouro traidor ás aforas da vila para que sexa pasto das bestas. Ninguén debe saber dos feitos ocorridos neste día na nosa nobre casa.

Despois de pronunciar a derradeira frase, Rui retirouse con aires de suficiencia ao seu cuarto. Malia seren o menor dos irmáns, sempre mostrara unha maior determinación na resolución de conflitos. Pola súa banda, Nuno seguía confuso e tentaba buscar explicacións, mais a proximidade do momento e a visión do corpo desmembrado do seu antigo amor impedíanlle pensar con lucidez. Un dos serventes devolveuno á realidade:

— Señor, olle para aquela zona do bosque. Albisco uns cincuenta homes a cabalo fuxindo con présa cara a espesura.

A revelación confirmaba a súa vaga sospeita: a traición tiña nome de rei; Zayde, forzado, actuara como simple executor. Agora xacía no chan, tornando en pardos os verdes campos da súa xuventude compartida. Estremeceuse. Non tiña dúbida de que aqueles homes, enviados polo propio Enrique II, agardaban no bosque a actuación homicida de Zayde para entrar na vila pola forza e facerse coa súa fortaleza. Cal era o móbil daquela insospeitada emboscada? Nuno de Andrade non precisou demasiado tempo para atopalo: decontado rememorou a patolóxica insistencia do rei para que lle dese conta das bondades da súa vila, aquela mirada perdida do soberán cando as escoitaba, o aceno de compracencia que amosaba cando desinteresadamente o invitaba á súa fortaleza...

Coma se retornase dun terrible soño, Nuno finalmente tomou o control da situación. Os serventes recollían os despoños de Zayde e o criado mozo –tal e como dispuxera Rui–, pero o señor de Andrade lles pediu que deixasen os corpos sen vida e se retirasen. O xardín quedou novamente en silencio. Devastado, Nuno prostrouse diante dos restos do seu único amor e rompeu a chorar con amargura. Algo de si morrera tamén ese día. Despois, buscou forzas no máis fondo do seu ser, levantou o corpo de Zayde e levouno ao claro do bosque da Espenuca onde comezou o seu amor. Alí cavou coas súas propias mans unha foxa na que depositou o corpo de Zayde e cubriuno con terra abondo; despois recolleu algunhas flores silvestres e colocounas enriba da foxa. Á mañá seguinte mandou esculpir unha fermosa escultura dunha parella de cervos e colocouna xunto á improvisada sepultura, na que desde entón pasa as tardes lembrando ao seu eterno compañeiro.

Así pasaba os meses e os anos o señor de Andrade: descoidou as súas posesións, deixou de falar coa súa familia, e apenas se preocupaba polos asuntos políticos. As xentes do lugar dicían que estaba tolo. Outros, pola contra, comentaban que o que fixera era recuperar o xuízo.

**NOTA:** relato baseado nun episodio de traición acontecido no século XV entre un rei e un nobre, recollido en varias crónicas medievais como o *Memorial de diversas hazañas* de Diego de Valera e adaptado libremente á temática LGTBIQ+, con personaxes inventados, pero partindo dalgúns datos sobre a familia medieval noble galega dos Andrade. Para as implicacións homosexuais da cantiga «Aquestas coitas que de sofrer hei», de Rodrigo Eanes de Vasconcelos, véxase o artigo de Carlos Callón, “A enunciación homosexual na lírica galego-portuguesa medieval” [<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/4904063.pdf>]